

Artigo 4º

O disposto nos artigos anteriores non significará ningún tipo de limitación dos dereitos que a normativa reguladora da folga reconece ao persoal nesta situación, nin tampouco sobre a tramitación e efectos das peticións que a motiven.

Artigo 5º

Sen prexuízo do que establecen os artigos anteriores, deberanse observar as normas legais e regulamentarias vixentes en materia de garantías dos usuarios dos establecementos sanitarios.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2005.

José Manuel González Álvarez
Conselleiro de Sanidade

**CONSELLERÍA DE XUSTIZA,
INTERIOR E ADMINISTRACIÓN
LOCAL**

Resolución do 23 de maio de 2005, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se lle dá publicidade ao acordo da Comisión Paritaria de Acción Social sobre os criterios de reparto do Fondo de Acción Social para o ano 2005 do persoal ao servizo da Administración de xustiza na Comunidade Autónoma de Galicia.

De conformidade co acordado pola Comisión Paritaria de Acción Social, dependente da Mesa Sectorial de Negociación do persoal ao servizo da Administración de xustiza, en reunión do día 20 de maio de 2005 polos representantes da Administración autonómica e as organizacións sindicais presentes na negociación, sobre os criterios de reparto do Fondo de Acción Social para o ano 2005 do referido persoal, e segundo o establecido nestes, esta dirección xeral

ACORDA:

Primeiro.-Facer público o Programa de acción social de 2005 e darlle a máxima difusión entre os órganos xudiciais, quedando exposto nos taboleiros de anuncios da Dirección Xeral de Xustiza, no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, nas audiencias provinciais, nos xulgados decanos e no Servizo de Xerencia na Coruña.

Segundo.-O prazo de presentación de instancias será o abranguido entre o día 1 de xuño e o 31 de xullo, ambos os dous incluídos.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2005.

Juan José Martín Álvarez
Director xeral de Xustiza

**CONSELLERÍA DE FAMILIA,
XUVENTUDE, DEPORTE
E VOLUNTARIADO**

Orde do 19 de maio de 2005 pola que se convocan prazas de educadores bolseiros para o centro de asistencia e educación especial Santiago Apóstolo da Coruña.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23º, atribúelle á comunidade autónoma a competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado da Xunta de Galicia, de conformidade co Decreto 23/2003, do 20 de xaneiro, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, e o Decreto 215/2004, do 23 de setembro, que o modifica, ten as competencias en materia do maior e de persoas con discapacidade, competencia que se determina no Decreto 5/2005, do 13 de xaneiro.

Coa presente convocatoria preténdese dotar de persoal de apoio no campo educativo e asistencial o centro de asistencia e educación especial Santiago Apóstolo, persoal que, como contrapartida, gozará de aloxamento e mantenza gratuíta nel durante o curso escolar 2005-2006, así como de axudas para sufragar os gastos ocasionados polo pagamento de matrícula académica e material escolar.

Esta orde establece as bases regulamentarias polas que se convocan prazas de educadores bolseiros, en réxime de concorrencia competitiva, para o centro de asistencia e educación especial Santiago Apóstolo da Coruña, dependente da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, de conformidade co establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificada pola Lei 8/1999, do 30 de decembro, e pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo, e na Lei 13/2004, de orzamentos xerais da Comunidade Galega para o ano 2005, e na normativa de desenvolvemento, na cal se establecen os requisitos e as normas necesarias básicas para a xestión e actividade económica financeira, normativa á cal, en consecuencia, se adaptará esta orde, tendo en conta en todo caso os principios de publicidade, obxectividade e concorrencia.

Na súa virtude, en uso das facultades que teño atribuídas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto da convocatoria.

Convocar a cobertura de 12 prazas de educadores bolseiros, polo réxime de concorrencia competitiva previsto no artigo 22.1º da Lei xeral de subvencións, para o curso escolar 2005-2006 no centro de asis-

tencia e educación especial Santiago Apóstolo, dependente da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.

Artigo 2º.-Condicións dos solicitantes.

Son requisitos para participar na convocatoria:

a) Non ter perdido con anterioridade a condición de educador bolseiro por causa imputable ao solicitante.

b) Non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o desenvolvemento normal da actividade.

c) Idade comprendida entre os 18 e 28 anos na data en que remate o prazo para ditar resolución.

d) Estar cursando estudos superiores, medios, de formación profesional grao superior (FP2) e/ou técnicos superiores de formación profesional, nunha facultade, colexio universitario ou escola técnica, ou ter rematados estes estudos.

Artigo 3º.-Solicitudes.

Os interesados deberán dirixir a solicitude anexa á Delegación Provincial da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado da Coruña; avda. do Exército, 2, CP 15006, xunto coa seguinte documentación:

-Fotocopia do DNI.

-Certificación académica, con detalle das cualificacións obtidas, e, se é o caso, título académico que capacite para participar ou xustificante de que se solicitou a súa expedición.

-Currículum vitae do solicitante.

-Fotocopia da tarxeta de asistencia sanitaria.

-Declaración xurada de non desempeñar unha actividade profesional remunerada por conta propia ou allea, nin gozar de bolsas ou axudas equiparables á da convocatoria.

O prazo de presentación de solicitudes será de corenta días hábiles contados a partir da data en que se publique esta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 4º.-Dereitos dos adxudicatarios.

a) A concesión da bolsa comporta aloxamento e mantenza gratuítos no centro desde o 1 de setembro de 2005 ata o 30 de xuño do 2006. O aloxamento será de tal xeito que lle permita ao bolseiro a normal realización dos seus estudos.

b) O pagamento por parte da consellería de ata 169,38 € para gastos de matrícula, logo da xustificación do correspondente gasto.

c) O pagamento por parte da consellería de ata 84,07 € para adquisición de libros relacionados cos estudos cursados polos bolseiros nas condicións fixadas na alínea b).

d) O pagamento pola consellería da contía de 59,26 € mensuais, logo da certificación do servizo prestado pola dirección do centro.

e) Ao rematar a estadia no centro, seralles entregado un diploma acreditativo pola Dirección Xeral do Maior e de Persoas con Discapacidade, logo do informe favorable do director do centro das prácticas realizadas.

Artigo 5º.-Duración da bolsa.

A duración da bolsa será do 1 de setembro de 2005 ao 30 de xuño do 2006.

A bolsa poderase gozar ata un máximo de 3 anos, incluído o ano da primeira concesión, logo da presentación de novas solicitudes nas posteriores convocatorias. Valorarase o traballo realizado polo bolseiro mediante informe emitido polos responsables do centro.

Artigo 6º.-Financiamento.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 14.06.212D.485.0 por un importe máximo de 10.152,60 €, desagregado por anualidades do seguinte xeito:

-Ano 2005: 5.885,88 €.

-Ano 2006: 4.266,72 €.

Artigo 7º.-Obrigas dos bolseiros.

A condición de educador bolseiro obriga a este nos termos previstos no artigo 14.1º da Lei xeral de subvencións e, especialmente, a realizar as tarefas que a dirección do centro lle encomende en relación coa atención dos acollidos nel, en horas de actividade extraescolar. Estas deberanse realizar de tal xeito que resulten compatibles co aproveitamento académico do propio bolseiro.

Os bolseiros teñen a obriga de facilitar por escrito toda a información que lles sexa requirida pola Intervención xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Antes do último pagamento os educadores bolseiros presentarán unha declaración de que durante o período da bolsa non recibiron ningunha outra axuda coa mesma finalidade.

Artigo 8º.-Procedemento de selección.

Para a adxudicación de prazas procederase da seguinte maneira:

Unha comisión, presidida polo secretario provincial da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado da Coruña, sendo vogais dous funcionarios, designados polo delegado provincial, o director do centro e o xefe de internado, que se rexerá no seu funcionamento polo disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, examinará as solicitudes, valorando os seguintes datos:

-Ter sido educador bolseiro dalgún centro dependente desta consellería (de 0 a 40 puntos).

-Experiencia en animación sociocultural e deportiva (de 0 a 30 puntos).

-Expediente académico, dando prioridade aos solicitantes que estean cursando ou teñan finalizado os estudos de psicoloxía, pedagogía, psicopedagogía, profesorado de educación primaria, enfermaría, educación social, estimulador, fisioterapia, terapia ocupacional, logopedia, psicomotricidade, monitor ocupacional, técnicos superiores en integración social e educación infantil (FP) (de 0 a 30 puntos).

Confeccionarase unha lista das solicitudes recibidas, elevando a proposta de adxudicación, suplencia e denegación ao delegado provincial, antes de que pasen vinte días naturais, contados a partir do seguinte a aquel en que remate o prazo para presentar as instancias. A proposta de adxudicación poderá incluír a adxudicación de todas as bolsas, de parte delas ou de ningunha.

Delégase no delegado provincial competente, logo da fiscalización da Intervención, a competencia para a adxudicación das prazas, mediante resolución que se comunicará tanto ao centro como a todos os solicitantes. O prazo máximo para notificar a resolución expresa será de 6 meses, contados desde o día seguinte á publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Se no devandito prazo máximo non se ditar resolución expresa, entenderase que quedan desestimadas as solicitudes presentadas.

A resolución establecerá os bolseiros adxudicatarios e suplentes por orde de puntuación. Estes últimos serán chamados automaticamente e pola orde establecida cando, por algunha circunstancia, algún dos adxudicatarios non reunir os requisitos e condicións de adxudicación, non puider formalizar a aceptación da bolsa ou, unha vez iniciadas as actividades, non continuar na execución delas.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

As resolucións ditadas en relación con estas prazas porán fin á vía administrativa e poderase interpor contra elas recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir da data da notificación da resolución, ante o mesmo órgano que as ditou, ou ser impugnadas directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados, así mesmo, desde a data da notificación.

Os seleccionados terán de prazo ata o 1 de novembro para presentaren a documentación requirida para o efecto pola Delegación Provincial da Coruña. A

mora motivará que non se proceda ao aboamento correspondente, agás acreditación suficiente de imposibilidade de presentación en prazo.

Artigo 9º.-Natureza da relación bolseiros-Administración.

A solicitude da bolsa e a súa posterior aceptación, no caso de adxudicación, implicarán a aceptación do disposto nesta orde.

Os seleccionados adquirirán exclusivamente a condición de bolseiros, sen ningunha outra relación laboral ou administrativa.

Artigo 10º.-Revogación ou interrupción no goce das bolsas.

O delegado provincial, logo dos informes pertinentes, tras a audiencia ao interesado e motivando a resolución, procederá á revogación da resolución, de outorgamento das bolsas a aqueles adxudicatarios que:

a) Incumprisen as condicións, obrigas e incompatibilidades previstas nos artigos 2º e 7º desta orde.

b) Incorresen en ausencias reiteradas e inxustificadas.

c) Incumprisen a disciplina do centro.

O suposto de revogación obrigará o adxudicatario a reintegrarlle ao Tesouro público as cantidades percibidas ata o momento de acordarse aquela.

No caso de interrupción do goce da bolsa, por vontade do bolseiro, o delegado provincial, apreciando as circunstancias concorrentes, resolverá se procede exixir a devolución total ou parcial das cantidades aboadas, ou suspender ou anular os pagamentos pendentes.

Disposición adicional

Única.-A resolución da adxudicación destas prazas corresponde ao titular da delegación provincial da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado da Coruña, por delegación da conselleira.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a directora xeral do Maior e de Persoas con Discapacidade para ditar as resolucións necesarias para o desenvolvemento da presente orde.

Segunda.-A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2005.

Pilar Rojo Noguera
Conselleira de Familia, Xuventude, Deporte
e Voluntariado



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE FAMILIA,
 XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO

PROCEDEMENTO CONVOCATORIA DE BOLSAS DE EDUCADORES PARA O CENTRO SANTIAGO APÓSTOLO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO FM647A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

1.- DATOS DO/A SOLICITANTE

NOME E APELIDOS	
LUGAR E DATA DE NACEMENTO	
ENDEREZO ACTUAL	TELÉFONO

2.- DATOS ACADÉMICOS

TÍTULOS QUE POSÚE	
ESTUDOS REALIZADOS DURANTE O CURSO 2004-2005	
CUALIFICACIÓNS OBTIDAS NO CURSO 2004-2005	CENTROS EN QUE OS REALIZOU
ENSINO <input type="checkbox"/> LIBRE <input type="checkbox"/> OFICIAL	CENTRO EN QUE SE EFECTUARÁ A MATRÍCULA

3.- OUTROS COÑECEMENTOS E TÍTULOS (CULTURAI S E DEPORTIVOS)

_____	_____
_____	_____
_____	_____

4.- RAZÓNS POLAS QUE SOLICITA A PRAZA

5.- FOI BOLSEIRO NO CURSO 2004-2005

<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON
-----------------------------	------------------------------

XURO/PROMETO: Que son certos os datos consignados nesta solicitude e comprométome, se son seleccionado/a, a presentar a documentación acreditativa que sobre eles se solicite.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 19 de maio de 2005 pola que se convocan prazas de educadores bolseiros para o centro de asistencia e educación especial Santiago Apóstolo da Coruña.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO _____ REVISADO E CONFORME _____		NÚMERO DE REGISTRO
			DATA DE ENTRADA / /
SINATURA DO SOLICITANTE _____ _____ de _____ de 200			DATA DE EFECTOS / /
			DATA DE SAÍDA / /

Delegado provincial da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado da Coruña

CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

Orde do 19 de maio de 2005 pola que se fai pública a ampliación do importe existente para a concesión de axudas destinadas á prestación de servizos sociais polas corporacións locais convocadas pola Orde do 29 de decembro de 2004.

A Orde do 29 de decembro de 2004 pola que se regulan axudas destinadas á prestación de servizos sociais polas corporacións locais (DOG nº 7, do 12 de xaneiro de 2005), establece no seu artigo 6 o importe total das axudas que ao seu abeiro poderán ser concedidas aos seus solicitantes, sen prexuízo da ulteriores variacións producidas como consecuencia de modificacións orzamentarias.

En consecuencia como existen outras dotacións que poden ser utilizadas para os mesmos fins, cómpre ampliar o importe dos créditos destinados ás axudas que poderán ser concedidas ao abeiro da referida Orde do 29 de decembro de 2004, coa finalidade de facer chegar estas ao maior número de beneficiarios posible.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron conferidas

DISPOÑO:

Artigo único.

Primeiro.-Amplíase o importe total das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2004 pola que se regulan axudas destinadas á prestación de servizos sociais polas corporacións locais, nas seguintes contías e aplicacións orzamentarias, que figuran dotadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005:

- 16.04.212A.460.0 por importe de 525.000 €.
- 16.04.212D.460.0 por importe de 80.714,30 €.
- 16.04.212D.460.3 por importe de 39.000 €.
- 16.04.212A.760.0 por importe de 450.000 €.

Segundo.-Esta modificación non afecta ao prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2005.

Belén Prado Sanjurjo
Conselleira de Asuntos Sociais, Emprego
e Relacións Laborais

Orde do 23 de maio de 2005 pola que se regula o exercicio de dereito ao voto dos traballadores por conta allea nas eleccións ao Parlamento de Galicia, convocadas para o día 19 de xuño de 2005 polo Decreto 77/2005, do 25 de abril.

Convocadas eleccións ao Parlamento de Galicia polo Decreto 77/2005, do 25 de abril, e ao abeiro

do artigo 37.3º d) do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, cómpre regular as diversas situacións que poidan presentarse para o exercicio do dereito ao voto daqueles traballadores que non desfruten do seu descanso semanal o día da votación, así como das persoas que interveñen dentro do proceso electoral, xa que as eleccións terán lugar en domingo, todo isto de conformidade co disposto no artigo 13 do Real decreto 605/1999, do 16 de abril, de regulación complementaria dos procesos electorais.

Para este fin, e logo de acordo co delegado do Goberno de Galicia,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Estas normas seranlles de aplicación a aqueles traballadores por conta allea que teñan a condición de electores e non desfruten do devandito día de descanso semanal previsto no artigo 37.1º do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e a aqueles en que conorra a condición de membros de mesas electorais, interventores ou apoderados nas eleccións do 19 de xuño de 2005.

Artigo 2º

Para que os traballadores por conta allea poidan participar nas eleccións ao Parlamento de Galicia, que se levarán a cabo o día 19 de xuño de 2005, no suposto de que non desfruten en tal data de descanso semanal, gozarán do permiso retribuído correspondente, consonte as seguintes prescricións:

a) Os traballadores por conta allea cuxo horario de traballo non coincida co de apertura de mesas electorais ou que coincida nun período inferior a dúas horas, non terán dereito a permiso retribuído.

b) Os traballadores por conta allea cuxo horario de traballo coincida en dúas ou máis horas e menos de catro co período de apertura das mesas electorais, desfrutarán dun permiso retribuído de dúas horas.

c) Os traballadores por conta allea cuxo horario de traballo coincida en catro ou máis horas e menos de seis co período de apertura das mesas electorais, desfrutarán dun permiso retribuído de tres horas.

d) Os traballadores por conta allea cuxo horario de traballo coincida en seis ou máis horas co período de apertura das mesas electorais, desfrutarán dun permiso retribuído de catro horas.

Cando o traballo se preste en xornada reducida, efectuarase a correspondente redución proporcional do permiso.

Correspóndelle ao empresario a distribución, consonte a organización do traballo, do período en que os traballadores disporán de permiso para acudir a votar.